



Facultade de
Relacións Internacionais

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Planificación e desenvolvemento da ensinanza

CÓDIGO DO-0201 ÍNDICE 01

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

Laura Movilla Pateiro
Coordinadora de Calidade

Laura Carballo Piñeiro
Decana Comisaria

Proceso

Planificación e desenvolvemento da ensinanza

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
01	05/04/2024	Área de Calidade	Adaptación e aprobación do procedemento (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGC dos centros.

Índice

I Obxecto	4
II Alcance	4
III Referencias	4
IV Desenvolvemento	5
V Anexos	11

I OBXECTO

Definir o sistema que permite organizar, implantar e mellorar a planificación das ensinanzas e as distintas accións e decisións ligadas ao seu desenvolvemento.

II ALCANCE

Este procedemento aplícaselles aos centros da Universidade de Vigo e aos títulos oficiais de grao e mestrado universitario adscritos a eles.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.
- Real Decreto 1509/2008, do 12 de setembro, de rexistro de universidades, centros e títulos.

Outros documentos de referencia:

- Universidade de Vigo:
 - Normativa, aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 9 de xuño de 2009, de elaboración, aprobación e publicación de guías docentes na Uvigo.
 - Directrices da Universidade de Vigo para elaborar o POD. Normas básicas do POD.

- Criterios de elaboración da programación docente anual (PDA).
- Calendario académico.
- Normativa de realización do Traballo de Fin de Grao.
- Normativa de realización do Traballo de Fin de Mestrado.

III.2. Definicións

- Aprobación: acordo para a aplicación e o compromiso de posta a disposición dos medios necesarios.
- Guías docentes: documentos básicos que recollen toda a información institucional e académica necesaria para que cada estudante poida desempeñar axeitadamente a súa tarefa nas titulacións adaptadas ao EEES. Son os principais documentos de referencia na docencia e supoñen un compromiso da titulación e, por extensión, do centro e da propia universidade co/coa estudante. [Normativa aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 09/06/09: de elaboración, aprobación e publicación de guías docentes na Universidade de Vigo.].
- Plan de ordenación docente: distribución da docencia relativa ao programa formativo entre o profesorado encargado de desenvolve-la

III.3. Abreviaturas e siglas

- EEES: espazo europeo de educación superior
- PDA: programación docente anual
- POD: Plan de ordenación docente
- RD: Real decreto
- SGIC: sistema de garantía interna de calidade
- STO: seguimento de títulos oficiais
- SUG: sistema universitario de Galicia
- RUCT: Rexistro de universidades, centros e títulos

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Garantir que a planificación e o desenvolvemento da ensinanza é coherente coa memoria de titulación adecúase ao perfil do alumnado destinatario, inclúe os elementos axeitados de información pública e os mecanismos que permiten a mellora continua.

IV.2. Responsable do proceso


- Vicedecanato ou subdirección do centro con competencias en organización académica.

IV.3. Indicadores


Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento *“DE-02 Seguimento e Medición”*.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.


IV.4. Diagrama de fluxo




A.2) DETECCIÓN DE NECESIDADES: Elaboración e aprobación do POD



B) COORDINACIÓN



C) DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA



Comentarios:

Etapa 12: as accións de coordinación terán como obxectivo detectar e resolver desviacións respecto ao establecido normativamente ou previsto e poñer en marcha as accións correctivas e/ou preventivas que garantan cumprir os obxectivos do plan de estudos dunha forma eficaz e eficiente. As accións de mellora recolleranse na **plan anual de mellora do centro.**

Etapa 55: O procedemento do centro para o seguimento e o control da docencia debe facer referencia a:

- Mecanismo para a modificación, seguimento e control das datas de execución das exames e probas de avaliación.
- Xestión das guías docentes (cubrir nos prazos establecidos, aprobar, revisar e publicar).
- Control da asistencia ás clases.
- Control de entrega de cualificacións e datas de revisión de exames.
- Control de entrega das actas definitivas no prazo correspondente.
- Detección do incumprimento de titorías.

V ANEXOS

Documentos

Anexo 1: Modelo-guía para realizar o informe de accións de coordinación

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 DO-0201	PDA	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Secretaría do Centro	6 anos
R2 DO-0201	POD	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Secretaría do Centro	6 anos
R3 DO-0201	Informe de coordinación	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Secretaría do Centro	6 anos
R4 DO-0201	Acta de aprobación do procedemento para o seguimento e o control da docencia	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Secretaría do Centro	6 anos